



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 29 DE DECEMBRO DO 2022.**

ASISTENTES:

Alcaldesa-Presidenta acctal:

D^a NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO
(PSOE)

Concelleiros/as :

D.CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (P.P.)

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)

D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)

D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)

D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)

D^a. CRISTINA OTERO ALONSO
(PSOE)

D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ
(PSOE)

D^a PAULA RODRÍGUEZ
DOMÍNGUEZ (RBC)

D. BRAIS FIDALGO
MARTINEZ(RBC)

D. ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS
(RBC)

D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ
ESTEVEZ (BNG)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodríguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20:00 horas do día vintenove de Decembro de 2022 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sra. Alcaldesa, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 24 DE NOVEMBRO PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 24 de Novembro de 2022 (ordinaria), ao que se lle respostan negativamente, resultando aprobadas por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DE: A) DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 24 de novembro; oito; unha, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre concesión de vacacións; catro, sobre aboamentos; unha, sobre devolución de ingresos indebidos; unha, sobre a liquidación de plusvalía.

Do 28 de novembro; seis; unha, sobre licenza de taxi; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre xubilación; unha, sobre concesión servizo Xantar na Casa; dúas, sobre aboamentos.

Do 29 de novembro; catro; dúas, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; dúas, sobre recoñecemento antigüidade.

Do 1 de decembro; sete; catro, sobre aboamentos; unha, sobre concesión de tarxeta de residente no casco histórico; dúas, sobre alta no padrón de habitantes.

Do 2 de decembro; unha, sobre a liquidación de plusvalía.

Do 5 de decembro; sete; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión de vado; unha, sobre alta no padrón de habitantes; dúas, sobre concesión de vacacións; unha, sobre contrato menor; unha, sobre axuda a domicilio.

Do 7 de decembro; catro; dúas, sobre concesión de vacacións; unha, sobre prórroga da comunicación previa de obras; unha, sobre devolución de aval de obra.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 9 de decembro; oito; unha, sobre o incumprimento da legalidade urbanística; catro, sobre cambio na representación legal do Concello; dúas, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 12 de decembro; catro; unha, sobre nomeamento de Tesoureira do Concello; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre enterramento.

Do 13 de decembro; catro; unha, sobre aprobación da convocatoria e das bases da oferta de estabilización; unha, sobre enterramento; unha, sobre outorgamento de licenza de primeira ocupación; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras.

Do 14 de decembro; once; unha, sobre aboamento de sanción; unha, sobre aprobación de bases do concurso de decoración de nadal; seis, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre concesión permiso por enfermidade de familiar primeiro grao; unha, sobre cambio na representación legal do Concello; unha, sobre incumprimento da legalidade urbanística;

Do 15 de decembro; vinte e unha; dúas, sobre concesión de vacacións; unha, sobre nomeamento de representantes da comisión de seguimento do convenio entre a Secretaría de Estado de Seguridad e o Concello; unha, sobre contrato menor; unha, sobre prórroga da comunicación previa de obras; oito, sobre aboamentos; tres, sobre xestión de biomasa; cinco, sobre alta no padrón de habitantes.

Do 19 de decembro; nove; unha sobre certificación de fin de obra; tres, sobre a liquidación de plusvalía; dúas, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre devolución de aval da comunicación previa de obras; dúas, sobre concesión de vacacións.

Do 20 de decembro; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa.

Do 21 de decembro; once; catro, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre incremento retributivo aos empregados públicos; unha, sobre enterramento; unha, sobre prórroga da comunicación previa de obras; unha, sobre concesión bono natalidade; unha, sobre axuda a domicilio, unha, sobre concesión de tarxeta de estacionamento mobilidade reducida.

Do 23 de decembro; once; dúas, sobre liquidación de taxa de servizos ext. incendios, salvamento e outros; dúas, sobre concesión de vacacións; unha, sobre a liquidación de plusvalía; unha, sobre alta no padrón de habitantes; catro, sobre aboamentos; unha, sobre recoñecemento antigüidade.

Do 26 de decembro; seis; unha, sobre delegación de funcións de secretaría; unha, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre división de parcelas; unha, sobre concesión de tarxetas de residente no casco histórico ; unha, sobre devolución de aval de obra; unha, sobre concesión de vacacións.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 27 de decembro; cinco; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre execución do IVTM; dúas, sobre concesión e denegación de axuda derito social.

3.- MOCIÓN BNG AMPLIACIÓN HORARIO POSTO GARDA CIVIL DE RIBADAVIA.

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda , Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 22 de decembro de 2022 co seguinte teor literal: “Na actualidade o posto da Garda Civil en Ribadavia ofrece soamente atención ao público en horario matinal e de luns a venres. Fora desa estreita franxa a referencia para a cidadanía é o teléfono 062.

Respecto do servizo municipal de Policía Local, a súa dotación de persoal atópanse baixo mínimos polo que tampouco pode prestar servizo de atención ao público cando o posto está pechado.

Por extensión, a comarca do Ribeiro no seu conxunto atópase na mesma situación polo que a carencia non só afecta ao noso concello se non a todo O Ribeiro.

A comarca debe contar cun servizo que si existe no Barco, Xinzo, O Carballiño e Verín, xa que a maioría das incidencias que levan a cidadanía a acudir aos servizos de seguridade cidadá son imprevisibles e rexístranse a calquera hora do día e en calquera día da semana.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Demandar a ampliación do horario de atención ao público do posto da Garda Civil en Ribadavia para que dito servizo se preste nas mesmas condicións que noutras cabeceiras de comarca (as 14 horas), ou cando menos en horarios de tarde e de fin de semana, facilitando o servizo a toda a comarca do Ribeiro.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol BNG ; reserváanse para o Pleno os membros do PP , PSOE e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

Intervén a Sra. Rodriguez Estévez, voceira do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que dita moción tivo como antecedente unha pregunta que fixeron anteriormente e dende o grupo de goberno se lle respostou que era una competencia da administración do Estado; sinala que noutros Concellos o horario é máis amplo e dado o estado de mínimos no que se atopa a policia local considera necesario esa ampliación de horarios, polo que solicita que o mesmo sexa similar a doutras cabeceiras de comarca.

Intervén a Sra. Expósito Pérez, concelleira do P.P., para sinalar que o seu grupo todo o que sexa ampliar servizos que benefician os veciños considerao positivo, polo que anuncia o voto favorable do seu grupo.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, voceiro do grupo municipal de Ribeiro en Común, para sinalar que é unha competencia estatal e que leva moitos anos así; pensa que todos os concellos e veciños deben ter os mesmo dereitos e non pode haber concellos de primeira e de segunda, sinalando que o tema da seguridade é unha competencia da garda civil e non da policía local. Finaliza a súa intervención dicindo que a pesar da boa relación que ten cos gardas civís, os cáles lle agradece o seu traballo e adicación, adscritos o posto de Ribadavia, pensa que en determinados eventos a garda civil non tivo a presenza necesaria.

Intervén a Sra. Alcaldesa, para sinalar que días pasados tivo unha reunión con un alto mando da garda civil para expoñerlle a problemática que temos coa policía local pola falta de persoal, todo elo co obxecto de que a garda civil poida reforzar o servizo e así trasladarse a Subdelegación do goberno e comandancia da garda civil. Finalmente sinala que non está de acordo co manifestado polo Sr. Fidalgo Martínez, en canto a colaboración da garda civil en determinados eventos e así pon como exemplo o despliegue durante a pasada festa da Istoría, dispositivo máis que suficiente.

A Sra. Rodríguez Estévez, agradece o apoio a moción presentada, sinalando que o único que se pide é que a comarca teña a atención que se merece.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dez (P.S.O.E., P.P. e B.N.G.); abstencións, tres (Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a moción presentada.

4.- MOCIÓN PP SOLICITANDO QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA POÑA EN MARCHA UNHA CAMPAÑA DE BONO COMERCIO.

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras na súa sesión de 22 de decembro de 2022 co seguinte teor literal: “No ano 2020 o concello de Ribadavia puña en marcha o bono comercio "Ribadavia chea de Vida" coa intención de impulsar as compras no comercio local nas datas do Nadal, Esta iniciativa, que despois repetiuse tamén no ano 2021, amosouse como unha iniciativa eficaz para impulsar o consumo no comercio local, de tal xeito que, tanto consumidores coma comerciantes valoraron moi positivamente a posta en marcha deste tipo de campañas.

A día de hoxe, a piques de rematar o ano 2022 vemos como dende o concello non se puxo en marcha ningunha campaña deste tipo e non podemos entender o porqué desta decisión do goberno municipal tendo en conta o éxito desta campaña nos anos anteriores.

Dende o grupo municipal do Partido popular de Ribadavia consideramos que a posta en marcha, un ano máis da campaña de bono comercio debería terse posto xa en marcha pero, xa que isto non foi así, cremos que debe poñerse en marcha de xeito inmediato xa que a parte máis complexa que era a creación dunha plataforma con pasarela de pago para por en marcha esta medida, xa foi creada no ano 2020.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Por todo o anteriormente exposto o grupo municipal do Partido popular de Ribadavia somete á consideración do pleno municipal a adopción do seguinte

Acordo:

1- Instar ao goberno municipal a que proceda de inmediato a poñer en marcha unha campaña de Bono Comercio como as levadas a cabo nos anos 2020 e 2021 para dinamizar o consumo no comercio local.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PP ; reserváñse para o Pleno os membros do BNG , PSOE e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

Intervén a Sra. Expósito Pérez, concelleira do P.P., para sinalar que o que se pide na moción e a posta en marcha do bono comercio, bono que funcionou moi ben tanto no ano 2020 como no 2021; dí que con estas medidas o que se trata é de dinamizar o comercio local nesta época do ano e dado que agora xa vai ser difícil de poñer en práctica solicita que nos orzamentos do 2023 se consigne unha cantidade para facelo en épocas do ano no que hay unha baixada nas compras para incentivalas.

Intervén a Sra. Alcadesa para sinalar que no día de onte asinou se convenio coa Asociación de comerciantes e tratouse co seu presidente a idea de poñer en marcha este bono comercio en tempadas baixas, xa que agora hai en funcionamento varios bonos, tanto da Xunta como do Estado.

Intervén a Sra. Rodriguez Estévez, voceira do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que está de acordo coa proposta; dí que dende os establecemento asociados se fan campañas para incentivar as compras e con este tipo de medidas se contribúe a favorecer os comerciantes da nosa vila, polo que calquera campaña que se faga benvida sexa.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, voceiro do grupo municipal de Ribeiro en Común, para matizar diversas cuestións; primeira , que a proposta de crear o bono comercio no foi do P.P., senon dunha proposta de Ribeiro en Común que foi apoiada polo P.S.O.E. no ano 2020, cuestión que non debería obviar a Sra. Expósito Pérez, que ademáis de concelleira e membro da xunta directiva dos Establecementos Asociados, segunda, que o ano seguinte este goberno a volveu a poñer en práctica e se este ano non se fixo foi porque non se considerou oportuna dado a existencia doutros bonos doutras administración e acordouse deixala para mellores datas, colaborando con outras actividades como o mercadillo de Nadal que se organizou polos comerciantes; dí que descoñece se a Deputación ten algún bono ou semellante. Finalmente dí que se traballou con Abanca para tratar de facer algo semellante os dos bonos, se ben sinala que a potenciación do comercio debería de facerse a nivel da comarca do Ribeiro.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Intervén a Sra. Expósito Pérez, para sinalar que ela está eiqui na súa condición de concelleira e non de representante dos Establecementos Asociados, e como grupo poden presentar as propostas que queiran e nadie nos ten que dicir o que temos que facer; di que o obxectivo da moción é mellorar o tecido comercial e parecelle unha pena que non se faga, xa que con estas iniciativas mellorase a situación dos veciños e veciñas.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que é certo que cada grupo pode presentar o que estime oportunos, se ben non é menos certo que cada grupo poida ter o seu posicionamento.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.P. e B.N.G.); abstencións, sete (P.S.O.E. e Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría fica aprobada a moción presentada.

5.- MOCIÓN PP SOLICITANDO A MELLORA DA LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE RIBADAVIA.

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Obras e Servizos Municipais na súa sesión de 22 de decembro de 2022 co seguinte teor literal: “Hai xa meses que o estado que presentan as rúas e prazas de todas as localidades do Concello de Ribadavia dista moito do aspecto que deberían presentar as prazas e rúas dun concello turístico coma o noso. A sucidade nas rúas é evidente e as queixas veciñais por esta situación son permanentes. A situación esténdese por todas as localidades do concello xa que o servizo de limpeza viaria segue sen ampliarse a outros núcleos de poboación máis aló da capitalidade do concello.

Esta situación require de medidas inmediatas para corrixir a falta de limpeza que se aprecia nas rúas do concello; unhas medidas que deben ir dende unha maior dotación de recursos económicos para reforzar o servizo ata unha mellora da organización e funcionamento do servizo para conseguir que as rúas e prazas do concello de Ribadavia melloren o seu aspecto. Por todo o anteriormente exposto o grupo municipal do Partido popular de Ribadavia somete a consideración do pleno municipal a adopción do seguinte

Acordo:

1- Instar ao goberno municipal a que proceda de inmediato a crear un plan de mellora da limpeza de rúas e prazas no Concello de Ribadavia. Este plan, que deberá ser consensuado por todos os grupos, contemplara como mínimo, unhas medidas que deben ir dende unha maior dotación de recursos económicos para reforzar o servizo ata unha mellora da organización e funcionamento do servizo para conseguir que as rúas e prazas do concello de Ribadavia melloren o seu aspecto.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PP ; reserváanse para o Pleno os membros do BNG , PSOE e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

Intervén o Sr. Garcia Domínguez, concelleiro do P.P., para empezar recoñecendo que a labor do concelleiro de servizos e complicada, se ben considera que atopase en peor situación que anteriormente, indicando que non é un ataque os traballadores, os cales respeta e valora o seu traballo; nesta moción falase da situación da limpeza tanto na Vila como no rural , indicando que a mesma o seu xuizo, é manifestamente mellorable; dí que os pobos se vai cando non queda máis remedio, aunque sempre se fixo así, agora pasa máis, dí que hai ruas intransitables, zonas nas que se leva sen pasar moitos meses, procedendo de seguido a numerar diversas ruas e zonas que se atopan en estado deficiente, critica a utilización de máquinas non axeitadas como a hidrolimpiadora no casco histórico; sinala que uns meses antes da moción de censura comenzo a implantar a limpeza nos pobos e de feito pasabase un día a semana, posteriormente no mes de setembro do 2021 anunciouse que se extendía o servizo de limpeza o rural, cuestión que el aplaude, se ben polas circunstancias que foran non se chegou a implantar; dí que hay falta de persoal e mala organización do existente, como por exemplo na concesión das vacacións, o que conleva que haxa que acudir a voluntarios coa problemática que eso ten. Finaliza a súa intervención dicindo que a moción que presentan é en positivo é o que propoñen é un acordo de todos os grupos municipais para mellorar o servizo.

Intervén a Sra. Rodriguez Estévez, voceira do B.N.G., para sinalar que todo o que sexa mellorar parecelle ben; pensa que se está a facer boa labor na limpeza se ben nalgúns zonas notase máis que noutras, supón que debido a falta de persoal e as inclemencias meteorolóxicas; dí que lle parece axeitada a proposta de facer un plan de limpeza na que participen todos os grupos. Finaliza dicindo que non lle pareceu normal o acaecido nas derradeiras comisións informativas, na que os membros do grupo de goberno ou non asistiron ou tiñan prisa por marcharse, indicando que as comisións son para informar e solicita que se cambien de data no caso que volvan a coincidir con algún outro acto.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, voceiro do grupo municipal de Ribeiro en Común, para sinalar que con respecto as comisións informativas concorda con algunhas cuestións, de feito o seu grupo solicitou o seu cambio de data, se ben quere salientar que os membros do seu grupo nunca faltaron a plenos como outros membros da corporación que por viaxes o por acudir a actos de palmeros dos seus xefes non teñen asistido; en canto a moción parecelle correcta, concorda en algunhas cuestións, se ben dubida da intencionalidade sobre todo cando as fotos que suben as redes son do pasado verán; en canto ao maquinaria a utilizar dí que é unha decisión do grupo de goberno, sempre que a que se utilice sexa de acordo coa lei.

Intervén o Sr. Vázquez López, concelleiro do grupo municipal do P.S.O.E. e responsable de Servizos, para agradecer o espírito constructivo da moción anunciando a abstención do seu grupo; dí que a organización desta concellería e complicada sobre



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

todo porque se trata dunha concellería complementaria doutras; dí que é certo que necesitaríamos máis persoal, sobre todo porque a veces temos que atender actividades ou eventos doutras concellerías; sinala que en liñas xerais o pobo está limpo, estase indo os pobos cada 15 días e se a veces non se chega a todos e por falta de persoal, indicando que nos orzamentos municipais tratarase de incrementar medios e persoal; pon en valor a posta en funcionamento do punto limpo. Finaliza a súa intervención dicindo que todas as aportacións son ben recibidas.

Intervén o Sra. García Domínguez, para sinalar que no seu momento como uns dos motivos da moción de censura díxose que o pobo non estaba limpo e resulta que o seu criterio non solo non se mellorou senon que se empeorou; sinala que estamos falando da situación actual non da anterior, di que o seu grupo quere que o pobo esté máis limpo por eso presentan esta moción en positivo e non con ánimo de crítica nin confrontamento; en canto o uso de maquinaria di que hay outras alternativas a utilización da hidrolimpiadora; en canto ao punto limpo dí que xa se puxo en funcionamento cando él era concelleiro de servizos, sinalando o estado lamentable no que se atopa agora, todo sen organizar e tirado como se fora unha escombreira.

Intervén o Sr. Vázquez López, para sinalar respecto o punto limpo, que houbo un incendio e estase tratando de conseguir colectores novos e isto unido as inclemencias meteorolóxicas fan ques e agrave o problema, ademáis que pensa que obra non está ben feita xa que deberían haberse feito socalcos para depositar os materiais.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.P. e B.N.G.); abstencións, sete (P.S.O.E. e Ribeiro en Común).- Por conseguinte por maioría fica aprobada a proposta presentada.

6.- MOCIÓN RENC PARA QUE O SERGAS GARANTA O SERVIZO DE PEDIATRÍA MÉDICA NO CENTRO DE SAÚDE DE RIBADAVIA (Previa declaración de urxencia)

Intervén a Sra. Alcaldesa para sinalar que dado que dita cuestión no foi ditaminada na Comisión informática hai que previamente votar a declaración de urxencia e inclusión no orde do día. De seguido sométese a votación ordinaria a urxencia e inclusión no Orde do día da moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido transcribese a moción presentada:

“MOCIÓN DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O SERGAS RETOME E GARANTA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PEDIATRÍA MÉDICA NO CENTRO DE SAÚDE DE RIBADAVIA.

Exposición de Motivos :



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O Pleno Municipal de Ribadavia do mes de novembro aprobaba a Moción que lle reclamaba ao SERGAS o reforzo do servizo de Pediatría en Ribadavia.

Menos dun mes despois, o SERGAS non só non reforzou o servizo senón que este deixou de prestarse. Todos os problemas no PAC de Ribadavia que advertiamos no Pleno de novembro acabáronse cumprindo. Agardamos que os grupos que pretenderon xustificar a situación do centro de saúde esta vez recoñezan que non se trata dun problema puntual, senón estrutural e grave, que debe ser resolto.

Reiteramos que temos un bo servizo con magnificas profesionais. Falamos dun servizo que se presta a todos os concellos da comarca do Ribeiro, polo que neste momento todos están sen pediatra.

Falamos de que no Centro de Saúde de Ribadavia non se cobren baixas nin vacacións de ningún persoal médico, non so de pediatras, como estamos a comprobar nestas datas de nadal, o que de maneira recorrente provoca en moitas ocasións a saturación dos servizos médicos.

Isto provoca a acumulación de pacientes e a sobre carga nas nosas profesionais, redundando nun menoscabo dos dereitos laborais básicos e no empeoramento do servizo.

No caso da Pediatría, estamos a falar da atención sanitaria aos membros máis pequenos e máis queridos de todas as familias, o que debera supoñer unha atención prioritaria por parte da XUNTA e do SERGAS como Administracións titulares.

Reclamámoslle ao Partido Popular de Galicia que abandone as políticas de recortes na sanidade pública galega, xa que causan un grave prexuízo aos nosos veciños. Ribadavia e o Ribeiro están sendo vítimas tamén desta forma de facer política, e que supón un menoscabo de servizos públicos vitais.

Reclamamos unidade de todos os concelleiros e concelleiras do Pleno en favor dos nosos veciños, e que se deixen de lado os intereses partidistas e persoais que cada quen poida ter no seu partido, en favor da defensa dos servizos públicos básicos en Ribadavia e no Ribeiro.

Por todo o anterior, facemos a seguinte PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

1. O CONCELLO DE RIBADAVIA SOLICITA QUE O SERGAS RETOME E GARANTA O SERVIZO DE PEDIATRÍA EN RIBADAVIA E NO RIBEIRO.

2. REITERAMOS O ACORDO PLENARIO DE QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA SOLICITA QUE O SERGAS REFORCE O SERVIZO DE PEDIATRÍA COA CONTRATACIÓN DE MÁIS PEDIATRAS.

- Establecer un servizo coas dúas pediatras a tempo completo.

- Cubrir vacacións, baixas e días libres de todos os médicos do Centro de Saúde de Ribadavia.

- Estudar a posibilidade de implementar un servizo de urxencias pediátricas no PAC de RIBADAVIA- O RIBEIRO, incluíndo as fin de semana e festivos.

3. Trasladar este acordo A TODOS OS CONCELLOS DO RIBEIRO, PARA QUE SE ASÍ O ESTIMAN, APROBEN DITOS ACORDOS EN FAVOR DO SERVIZO DE PEDIATRÍA DO PAC DO RIBEIRO EN RIBADAVIA.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Trasladar este acordo á xerencia do SERGAS de Ourense e aos Servizos Centrais de Compostela.”

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, voceiro do grupo municipal de Ribeiro en Común, para sinalar que o motivo da moción é a problemática suscitada días pasados no servizo de pediatría, xa que non se está a cubrir baixas nin vacacións e que se está a estender tamén a outras especialidades; dí que o facer a denuncia pública valeu para que o Sergas o xustificase con argumentos peregrinos como que se trata dunha concatenación de baixas laborais e permisos xustificados dos dous pediatras que dan cobertura asistencial ao centro de saúde de Ribadavia, e a súa coincidencia no período vacacional, está a xerar un importante déficit de persoal que, ante a imposibilidade de contar con substitutos nestas datas de Nadal, fai que se estean coordinando os recursos dispoñibles para a asistencia non demorable dos nenos da comarca do Ribeiro, indicando que a asistencia urxente está garantizada en todo momento polos profesionais sanitarios do Punto de Atención Continuada de Ribadavia e do servizo de urxencias de pediatría do Hospital Universitario de Ourense, para derradeiramente botarlle a culpa o goberno do Estado; dí que non é de recibo que se bote a culpa os profesionais, indicando que a política sanitaria da Xunta é un desastre de feito e unha cuestión que corroborará a dimisión do actual presidente do colexio de médicos de Galicia. Finaliza a súa intervención sinalando que esta moción que hoxe presentan é unha engadega a que presentaron no pleno do mes de novembro e que foi aprobada por unanimidade.

Intervén a Sra. Rodríguez Estévez, voceira do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que unha moción semellante xa se aprobou no pasado mes de novembro, indicando que dende sempre o B.N.G. ven defendendo o servizo público sanitario. Finaliza a súa intervención dicindo que hai que potenciar a atención primaria en todos os concellos.

Intervén o Sr. Garcia Domínguez, concelleiro do P.P., para sinalar que nesta moción estase a pedir o apoio do P.P. con unha exposición de motivos incendiaria contra este partido, se ben aínda así este grupo vai a votar a prol das propostas de acordo e espera que todos os concellos da comarca se sumen a mesma xa que estamos a falar dun servizo básico e esencial.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que lle sorprende que nun tema tan importante non interveña o voceiro do P.P.; di que estamos a falar dunha cuestión política e se se menciona o P.P. e porque a xestión da sanidade en Galicia a levan eles, indicando que se queren axudar o que teñen que facer e demandar de verdade ditas cuestións.

Intervén o Sr. Garcia Domínguez, para dicir que nas intervencións do autor da moción falase de todo menos do propio contido da moción; dí que o seu grupo ten capacidade de decisión propia e de feito xa o demostramos no pasado mandato cando se sentaron co voceiro de Ribeiro en común, incluso para falar de posibles mocións de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

censura. Finaliza a súa intervención para solicitar que todos traballemos xuntos en beneficio do pobo e evitemos confrontacións.

Intervén o Sr. Fidalgo Martinez, para sinalar que o P.P. dí verdades a medias, indica que na súa primeira intervención falouse da moción e na segunda respostouse a súa intervención; reitera que estamos a falar dunha competencia que non é do Concello senon da Xunta de Galicia.

Intervén a Sra. Alcaldesa, para sinalar que o que está acontecendo non é nada novo, indica que o desmantelamento xa ben do pasado, así recorda cando se deixou de prestar servizo nas especialidades de psicoloxía, traballadora social, odontoloxía, xinecoloxía, sen cubrir a xubilación da matrona..., todo se focaliza nos traballadores o cál se traduce en sobrecarga e unha mala atención os pacientes; dí que é un hábito dende a xerencia non cubrir baixas o que conleva ter que trasladar os pacientes as urxencias de Ourense, co conseguinte colapso do sistema, recordando a importancia de facer reclamacións en atención o paciente para que non se volvan repetir situacións similares. Finaliza a súa intervención dicindo que non nos conten que non hai persoal, porque tanto no Sergas como na Xunta hai listas de contratación e recordarlle o P.P. que cando gobernaron puxéronse de costas os veciños cando se desmantelaron diversos servizos polo que alegrase que hoxe se poñan do lado das reivindicacións.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Intervén a Sra. Rodriguez Estévez, para dicir que vai a solicitar a realización unha concentración no P.A.C. de Ribadavia, na que esten presentes todos os grupos municipais e veciños, co obxectivo de reivindicar os nosos dereitos.

7.-MOCIÓN DE URXENCIA.-

Non houbo.-

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Pola concelleira do Bloque Nacionalista Galego, o Sra. Rodríguez Estévez formúlanse as seguintes preguntas:

1ª PREGUNTA.- Interesalle saber porque se atopan sempre abertas a fiestras do ambulatorio.

Resposta a Alcaldesa: Supon que será por excesivo calor, mal uso da calefacción, se ben preguntará.

2ª PREGUNTA.- En relación coas vivenda de Adif solicitou días pasados que se fagan xestións para darlle un uso, polo que interesa se hai algo previsto. Asi mesmo



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

congratúlase que se está a arranxar a ponte do ferrocarril, se ben considera importante que pasen trens.

Resposta a Sra. Alcaldesa: Puxéronse en contacto con Adif e non lle consta que houbera ningún proxecto sobre as vivendas. Estan en conversas cos responsables de Adif.

3ª PREGUNTA.- Interesalle saber que prazo hai para rematar as beirarúas de San Cristovo.

Resposta a Sra. Alcaldesa: Esta previsto para finais do mes de Marzo.

4ª PREGUNTA.- Interesalle saber cando se vai a ter unha reunión da Fundación Vila Balnearia de Prexigueiro.

Resposta a Sra. Alcaldesa: Falou o outro día cos veciños e espera ter unha xuntanza do patronato no mes de xaneiro.

1º ROGO.- Interesa que se proceda o arranxo dos diversos desprendementos que hai no municipio derivado das derradeiras choivas.

2º ROGO.- Interesa que se proceda o arranxo dos baches da estrada da Veiga.

Pola voceiro do P.P., a Sr. Cesar Manuel Fernandez Gil, quere que conste en acto os seguinte:

Que se sinte orgulloso dos seus compañeiros e representado en cada unha das intervencións realizadas facendo súas as palabras e manifestacións realizadas neste pleno.

Pola concelleiro do P.P., a Sr. Garcia Domínguez fórmulanse o seguintes rogos e preguntas:

1ª PREGUNTA.- Interesalle saber porque se está a facer acopio de materiais provintes da obra das beirarúas de San Cristovo en varias zonas do parque empresarial, o lado da nave de Fercon onde se ubica a ITV habitualmente na zona de aparcamento o lado do río . Asi mesmo pregunta se estes acopios van a afectar a I.T.V.

Resposta a Sra. Alcaldesa: Di que son tuberías e o acopio e provisional. Entende que non afecta a I.T.V. pero si asi fose retiraranse.

2ª PREGUNTA.- Interesalle saber de que é un acopio de pedra que hai na antiga N-120.

Resposta a Sra. Alcaldesa: E acopio de unha obra.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

3ª PREGUNTA.- Interesalle saber si se arranxaron as deficiencias do lavadoiro de Francelos.

Resposta a Sra. Alcaldesa: Falouse coa empresa e estamos a espera do arranxo.

4ª PREGUNTA.- Interesalle saber porque se fixeron recollidas nocturnas de lixo.

Resposta a Sra. Alcaldesa: Falou o encargado connigo e fixeronse puntualmente por cuestións organizativas do servico.

5ª PREGUNTA.- Interesalle saber se se concedeu un vehículo novo para o servico de emerxencias.

Resposta a Sra. Alcaldesa: Tivemos coñecemento dias pasados da adxudicación dun camión para o servico de emerxencias.

6ª PREGUNTA. En relación coas tarxetas verdes pregunta se é legal que aparezan as matriculas e direccións dos titulares por temas de protección de datos.

Resposta a Alcaldesa: Solo aparece a matricula e rúa, non a dirección completa. Poido haber algún erro o principio pero despois correxirose, indicando que se hai algunha persoa afectada que veña polo concello e farase unha nova tarxeta.

7ª PREGUNTA.-En relación co camión-cisterna cedido pola empresa Aqualia, interesa saber cales son as súas normas de uso.

Resposta a Alcaldesa: Utilízase polo Concello a demanda, se ben debido a seca do verán e agora as choivas non se poido utilizar todo querido.

ROGO.- Dado o estado no que se atopa a ponte da Foz, oxidada, falta de alumeado, solicita que se proceda a seu arranxo.

Resposta a Sra. Alcaldesa: tomase nota.

Pola concelleira do P.P., a Sra. Expósito Pérez, fórmulanse o seguinte rogo:

1º ROGO.- Solicita que se repare o alumeado no zona final da estrada de Castrelo.

2º ROGO.- Que se arranxe o burato o cál xa fixo referencia en plenos pasados existente na estrada de Santo André.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

3º ROGO.- Respecto dos árbores que están amenazando de caída sobre as casas e rúas, solicita que se proceda a requerir os propietarios para que os retiren.

Pola concelleira do P.P., a Sra. Gómez Gómez formúlase a seguinte pregunta:

PREGUNTA.- Dias pasados o seu grupo solicitou que se procederá a ampliar o horario (2 horas) os locais de ocio nocturno durante o periodo de festas de Nadal e lle consta que os propios hosteleiros fixeron esta petición, polo que pregunta se se fixo ou se vai a facer.

Resposta a Sra. Alcaldesa: E certo que hai esos escritos pero debido a problemática existente con algúns veciños en determinada zona non o vai a autorizar por escrito para evitar conflitos de intereses.

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para solicitar que os rogos e preguntas sexan máis pautados e non se entre en debates que non proceden.

Concluído o anterior, as dez e vinte da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

A ALCALDESA

O SECRETARIO

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE